



MARCOS SOBRADO ALMUIÑA  
AVELINO GOMEZ LEDO, 4-2ºD  
27500 CHANTADA - LUGO

EXPEDIENTE: LU88010:20  
SITUACIÓN: R/AVELINO GOMEZ LEDO,4-2ºD - CHANTADA

Por resolución da Xefatura Territorial de Lugo de data 01 de decembro de 2017 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU88010:20, e da que vostede é titular, ó abeiro do disposto, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, comunicámoslle que se continuará coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor de interesado que figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública cumpra os requisitos especificados na resolución de inicio do procedemento.

Lugo, 28 de decembro de 2017.

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda  
Javier Arias Fouz

*Documento asinado electronicamente*